

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 13 DE OUTUBRO DE 2020.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, María
Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D^a. Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a. Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día trece de outubro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D^a. María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía do trece de outubro de dous mil vinte), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D^a. Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D^a. Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D^a. Yessica Méndez Sánchez)

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, Dona Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D^a. Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 22-09-2020 E DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 05-10-2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión extraordinaria realizada en data 22-09-2020 e da sesión ordinaria realizada en data 05-10-2020, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria realizada en data 22-09-2020 e da sesión ordinaria realizada en data 05-10-2020.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Extracto da Orde do 14 de setembro de 2020, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan axudas a entidades locais territoriais e entidades públicas dependentes das entidades locais territoriais para o mantemento de aulas de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e a comunicación a través de aula Mentor. BOE núm. 266 do 08-10-2020.
- Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 18 de xuño de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de

1 de 8

subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A). DOG num. 203 do 07-10-2020.

- Resolución do 1 de outubro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, -Secretaría Xeral de Política Lingüística- pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 18 de xuño de 2020. DOG num. 203 do 07-10-2020.
- Orde do 1 de outubro de 2020, de Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2020 entre os concellos resultantes dun proceso de fusión. DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Orde do 6 de outubro de 2020 pola que se modifica a Orde do 19 de decembro de 2019, de Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Orde do 6 de outubro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de decembro de 2019, de Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro). DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Resolución do 7 de outubro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso sobre intervención en emerxencias para os concellos con grupos de emerxencia supramunicipais (GES). DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Resolución do 7 de outubro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Anuncio do Concello de Culleredo, do 24 de setembro de 2020, relativo ao requirimento de xestión da biomasa (Expediente UME/2018/463). DOG núm. 203 do 07-10-2020.
- Anuncio do Concello de Culleredo, do 25 de setembro de 2020, relativo ao requirimento de xestión da biomasa (Expediente UME/2020/170). DOG núm. 204 do 08-10-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1. A sra. Alcaldesa en funcións dá conta das seguintes resolucións emitidas dende a Concellería da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
--------------------	---------------	------	---------------------	------------------	---------

C.I.F. P-1503100-H

29/09/2020	1245	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***7379**	Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 09 de xuño de 2020 a 10 de agosto de 2020.	48,04€
29/09/2020	1246	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***3780**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020.	91,66€
29/09/2020	1247	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	****4982	Pago do recibo de electricidade correspondente ao período do 12 de marzo ao 12 de abril (40,75€), o período do 12 de abril ao 12 de maio (32,31€) e parte do 12 de maio ao 11 de xuño de 2020 (20,68€).	
02/10/20	1271	Concesión axuda económica.	****5660*	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a xuño do ano 2020 por un importe mensual de 230€, e parte do mes de xullo do ano 2020 por un importe mensual de 155€.	1075€
02/10/20	1272	Concesión axuda económica.	***4900**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril a xuño de 2020, por un importe mensual de 280€ e parte do mes de xullo do ano 2020 por un importe de 235€.	1075€
02/10/20	1273	Concesión axuda económica.	***7142**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro a abril do ano 2020, por un importe mensual de 220€ e parte do mes de maio do ano 2020 por un importe 195€.	1075€
02/10/20	1274	Concesión axuda económica.	***6496**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo, abril, maio, xuño (220€/mes) e parte de xullo (195€) de 2020.	1075€

C.I.F. P-1503100-H

02/10/20	1275	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***9670**	Pago do recibo de gas correspondente ao periodo do 13/12/2019 ao 10/02/2020 (74,26€), do periodo do 14/04/2020 ao 09/06/2020 (71,47€) e do 10/06/2020 ao 12/08/2020 (71,21€). Do recibo de auga correspondente ao segundo trimestre de 2020 (69,61€). O recibo de electricidade correspondente aos meses de xullo (31,71€) e outubro(33,21€) de 2020.	
02/10/20	1276	Concesión axuda económica.	***7205**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de xaneiro a xuño 2020 Bono de alimentos tipo A, durante o ano 2020 e cunha entrega mensual.	817,18€
5/10/20	1288	Concesión axuda económica.	***8934**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo e abril 400€/mes e maio 275€ de 2020.	1075€
5/10/20	1289	Concesión axuda económica.	***8754**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de maio de 2020 a outubro de 2020, por un importe mensual de 150€/mes. Bono de alimentos tipo A, durante tres meses e cunha entrega mensual.	900€
	1290	Concesión axuda económica.	****4854	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril e maio do	1075€

				ano 2020 por un importe mensual de 400€, e parte do mes de xuño de 2020 por un importe mensual de 275€.	
--	--	--	--	---	--

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

1.AREA DE BENESTAR SOCIAL:

PROGRAMA IV DE INSERCIÓN SOCIAL

-- Intervención comunitaria: Liña de 3.A. de Convivencia familiar e protección á infancia

AULA DE REFORZO socioeducativo PARA NENOS E NENAS DE ETNIA XITANA.

A concellaría de Política Social colabora coa Asociación Nacional de Presencia Gitana, reiniciando este mes de outubro os obradoiros de reforzo socioeducativo dentro do proxecto que esta asociación denomina “*Kamelamos Chanelar*” e “*Salud, educación, esperanza y plenitud debida*” destinado a nenos e nenas empadroados neste concello e procedentes de familias de etnia xitana, con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos. O taller aspira a ter un carácter inclusivo, polo que poderían asistir calquera nena ou neno con necesidades de apoio educativo dos centros escolares da zona, sempre que quedaran prazas baleiras.

Neste momento desenvólense dúas aulas, unha no Ceip Sofía Casanova, e outra no Centro sociocultural de Ledoño, atendendo á demanda da zona rural e da urbana onde acoden familias que cumpren este criterio. Tres docentes a cargo da asociación impartirán contidos nas aulas, nas que ademais de reforzar as competencias básicas da aprendizaxe, e as habilidades sociais, desenvolverán actividades relacionadas coa saúde.

Tanto para as familias como para o concello esta iniciativa non ten custo algún.

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACIÓN SOCIAL

****Dinamización social :**

****Clube +65: Potenciación da Campaña de vacinación contra a gripe 2020**

O obxectivo prioritario do Club para este e os vindeiros meses de novembro e decembro será a potenciación e achega de información o mais individualizada posible as persoas de Culleredo de mais de 65 anos sobre a especial importancia da campaña neste 2020 derivada da pandemia do COVID-19. Os contactos para isto terán tamén como obxectivo actualizar a sinatura de das autorizacións sobre manexo de datos persoais de cara a futuras situacións que requiran de información específica ou fagan conveniente facer chegar a oferta de apoio psicosocial a este segmento da poboación .

A equipa técnica comunitaria e de promoción da saúde da área de Benestar social participará neste proxecto enmarcado na Campaña mais amplia contra a gripe que desde as competencias de sanidade da concellaría de Política social se levará a cabo de cara a poboación xeral en colaboración coa Consellería de sanidade da Xunta de Galicia .

2.AREA DE SANIDADE:

PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable”

****Educación para a saúde**

Potenciación da Campaña de vacinación contra a gripe 2020

A Concellaría de Política social en exercizo das súas competencias de sanidade e a través da súa equipo técnica comunitaria e de promoción da saúde da área de Benestar social, ven de deseñar un proxecto de apoio e potenciación da Campaña 2020 contra a gripe lanzada pola Consellería de sanidade da Xunta de Galicia de cara a poboación xeral e de xeito aínda máis especial de cara aos segmentos de poboación máis vulnerables nun contexto sanitario especialmente delicado por mor do COVID-19

ACCÍONS PREVISTAS :

1. A NIVEL da propia ORGANIZACIÓN MUNICIPAL:

Envío de circular e material divulgativo ao persoal municipal coa recomendación de vacinación.

Reforzada especialmente de cara aos grupos de máis risco con atención ao público e traballadores e traballadoras de servizos esenciais.

2. A NIVEL COMUNITARIO

2. Difusión e sensibilización en medios:

- Radio municipal: cuña publicitaria periódica durante a duración da Campaña.
- Radio municipal: entrevistas periódicas con persoal dos Centros de saúde de Culleredo comezando pola súa xefa de servizo do SERGAS
- Gabinete de prensa:

Nota de prensa

Banner en páxina web municipal

Difusión en redes sociais

2. Difusión e sensibilización comunitaria:

- Colocación de carteis edificios públicos: municipais, sociais, sanitarios (centros saúde e farmacias), educativos.

3. Difusión e sensibilización persoalizada:

- Asociacións municipais: envío de mail de recomendación de vacinación e material divulgativo
- Persoas maiores: chamada as persoas integrantes do Club +65 e entrega persoalizada de material divulgativo.

****Apoio as asociacións que traballan con problemas específicos de saúde:**

Colaboración coa Asociación Síndrome Phelan-McDermid

A Concellaría de Política social e promoción do deporte colaborará coa Asociación Phelan-McDermid na difusión do evento socio-deportivo solidario a nivel mundial para concienciar á sociedade sobre a realidade dos pacientes que padecen a síndrome e as súas familias: "RUN LIKE A HERO" Global Running Week. Esta carreira virtual, que terá lugar do 17 ao 25 de outubro, realizarase de xeito individual, debido á situación actual derivada da Covid-19.

Colaboración con Agaxfra no Día Europeo da Síndrome XFráxil

A Concellaría de Política social e promoción do deporte colaborará coa asociación cullerdense Agaxfra na celebración do Día Europeo da Síndrome Xfráxil que terá lugar o vindeiro día 10 de outubro. O Concello iluminará a Casa Consistorial coa cor lila (cor que identifica ao síndrome) e ademais o seu presidente intervirá en Radio Culleredo con motivo de sensibilizar á poboación cullerdense.

Colaboración con Apem no Día mundial da saúde mental 2020

A Concellaría de Política social e promoción do deporte colaborará coa asociación cullerdense Apem na celebración do Día Mundial da Saúde Mental 2020 que terá lugar o vindeiro día 10 de outubro. Representantes da entidade e usuarios e usuarias do CPRL Sara Vázquez de Culleredo intervirán en Radio Culleredo para conmemorar este día."

2.2.2. A sra. Secretaria Xeral procede á lectura do escrito do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo relativo ás actividades a realizar:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 16 DE OUTUBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Festival Galicreques.

Panta Rhei (Euskadi): *Corre, Payasa, corre.*

A partir de 5 anos. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascarilla."

2.3. - SENTENZA 83/2020 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM.2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 123/2017.

A sra. Alcaldesa en funcións dá conta da sentenza 83/2020 de data 29 de setembro de 2020 do Xulgado Contencioso Administrativo Número 2 de A Coruña, PROCEDEMENTO ORDINARIO 123/2017, interposto por OBRALAR S.L.U (en liquidación) contra o Concello de Culleredo sobre contratación administrativa do Centro Logístico de Transportes de Culleredo. O fallo di:

" ESTIMANDO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Letrado DON JOSÉ RAMÓN TALÍN MARIÑO, en representación de OBRALAR SLU frente a Acuerdo de liquidación del contrato de construcción y explotación del Centro Logístico de transportes de Culleredo aprobada por el Pleno del AYUNTAMIENTO DE CULLEREDO celebrado el 30 de marzo de 2017 revocando dicha resolución debiendo procederse a una nueva liquidación conforme la valoración de Edificio Administrativo, Locales destinados en edificio de Cafetería-

Restaurante a servicio de acogida a tripulaciones (aseo de tripulaciones, vestuarios, duchas, sala de esparcimiento y reunión), aparcamiento de pesados, Bascula Publica atendiendo a los valores en el IMB en los bienes incorporados al mismo así como los conceptos referidos a la obra no ejecutada o deficientemente ejecutada los gastos de conservación no realizados y el deterioro, pero referida siempre a los bienes objeto de reversión, sin costas.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, advirtiéndoles que contra la misma podrá interponerse **recurso de apelación** ante este Juzgado, en el plazo de 15 días, mediante escrito razonado que deberá de contener las alegaciones en que se fundamente el recurso.

De conformidad con lo establecido en la disposición adicional 15ª de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, la interposición de recurso contra la anterior resolución exige acreditar, salvo que se trate de personas exentas, haber constituido un depósito de **50 euros** mediante ingreso en efectivo en cualquier sucursal de la entidad bancaria Banco de Santander, en la cuenta de depósitos y consignaciones de este órgano judicial nº 0030-1600-0000-93-01213-17 (concepto 22).

Así por esta mi sentencia, de la que se llevará por testimonio a los autos de su razón definitivamente juzgando lo pronuncio, mando y firmo, ENRIQUE GARCÍA LLOVET Magistrado Juez del Juzgado de lo Contencioso Administrativo número 2 de los de A Coruña. “

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H